

Partido correspondente a 18ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó Concello de Ponteceso F.S.F e o C.D. Mabegondo, encontro disputado o sábado 19 de febreiro ás 17:00 horas no Pabillón Municipal de Ponteceso, que finalizou co resultado de 0-5 a favor do equipo visitante.

ALINEACIÓNS:

CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.- Salomé, Silvia, Cris Santos, Chris e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron, Martina, Mónica, Sabela, Paula, Iria e Tamara.

C.D. MABEGONDO.- Ainara, Katia, Isabel, Angeles e Bibiana (cinco inicial). Tamén xogou Encarnación, Melissa, e Patricia.

GOLES:

0-1 (min. 4) Ángeles.
0-2 (min. 12) Mónica (p.p).
0-3 (min. 41) Bibiana.
0-4 (min. 45) Patricia (p).
0-5 (min. 49) Isabel.

Arbitro: Ruiz Piñeiro, David (Delegación de A Coruña). Mostrou taxetas amarelas a Carmen e a Jose Barca (adestrador) por parte Pontecesán e a Isabel e Melisa por parte do Mabegondo. Moi protestado polo equipo local posto as mesmas xogadas por parte Pontecesán eran tarxetas amarelas e pola parte visitante non, ademais pitou un penalti inexistente e deixou as Mabegondesas aplicarse duramente no xogo si detelo.

Instalación: Pabillón Municipal de Ponteceso ante uns 50 espectadores aproximadamente.

Partido emocionante o visto no Municipal de Ponteceso pese o abultado resultado final.

Comenzou forte o Ponteceso con dúas chegadas perigosas, pero no min.4 chegaría o primeiro gol visitante nun fallo garrafal da porteira local Salomé. Despois do mazazo inicial o equipo de vila de Pondal quísoxe repoñer e voltou a ter un par de ocasións nos pés de Carmen que parou acertadamente a porteira visitante Ainara que estivo moi acertada durante todo o partido.

Cando parecía que estaba preto o empate das Pontecesáns, o Mabegondo marcaría o segundo, foi nun saque de esquina das visitantes que despois de pegar en Mónica, que estaba mal colocada, entraría dentro da portaría local. Este foi un xarro de auga fría das locais que tiñan postas moitas esperanzas neste partido. Pero en vez de virse abaixo, motiváronse o suficiente para comenzar a facer una forte presión a todo a pista que lles faría ter varias ocasións ata o descanso, todas elas desbaratadas polas boas accións da porteira visitante.

Xa na segunda metade o Ponteceso seguíu coa forte presión que facía que as Mabegondesas non chegaran a meta local e disfrutando as Pontecesáns de varias ocasións que acababan una e outra vez nas máns da porteira visitante.

Entre tanto o árbitro encargouse de quentar o ambiente no pavillón e os ánimos do equipo local coas súas máis que polémicas decisión. As cales non tiñan o mesmo castigo para l bando local que para o visitante.

E cando restaban 9 minutos para o final, Bibiana marcaría o terceiro nun fallo defensivo, e 4 minutos máis tarde, Patricia marcaría o cuarto de penalti moi protestado, penalti de Salomé (que non tivo o seu día) que soamente viu o árbitro.

Xa no último minuto, Isabel marcaría o quinto e último gol da tarde para o Mabegondo, que levou un resultado demasiado abultado despois do pisto no Municipal de Ponteceso.

O vindeiro fin de semán, o Concello de ponteceso desplazarase a terras Vimiancesas para enfrontarse na xornada 19 ó Fisober, o próximo sábado 26 de febreiro as 17:00 no municipal de Vimianzo.